

Mesón da Auga

Foron presentadas máis de 250 solicitudes polos veciños de Oleiros para as vivendas de Protección Autonómica Mesón da Auga. As 167 vivendas de O Carballo, en Nos, distribuiranse entre vivendas unifamiliares, a 108.982, e vivendas en bloques con 2, 3 e 4 dormitorios.

Páx. 6



Concello de  Oleiros

Actividades do verán para tódolos gustos

Acampadas, deportes, hortas escolares...

Páxina 12

Vivir en Oleiros

Número 17
Xuño 2004

Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Unha nova obra en Mera que suma novos atractivos o Concello / Páxina 8



Paseo de Mera unha nova fachada

■ Mera mellora a súa fachada marítima. As obras do Paseo Marítimo que tantos detractores tivo e que con tanta paixón defendeu o Goberno Municipal, comezan a prestar servizo ós veciños e ós visitantes. **Mera, con estas obras e moitas outras realizadas nos últimos anos, convértese nun dos principais atractivos turísticos de Oleiros.**

Aposta polo benestar

Porque o que importa é o benestar social, a calidade de vida. Este é un dos obxectivos que persegue o concello con tesón e firmeza, e ó que non renuncia malia que dancen voces persecutorias e difamadoras que teñen o norte cambiado. Non nos confundamos: o camiño faise andando, e o movemento demóstrase camiñando. Non basta con facer promesas nas campañas electorais: hai que cumprilas.

Oleiros, capital solidaria

Otelo Saraiva de Carvalho, Adolfo Pérez Esquivel, Nabil Maarouf... Portugal, América Latina..., O Auditorio da Fábrica quedou pequeno diante dos centos de asistentes a estes actos solidarios. E seguiremos con eles.

Páx. 21



Oleiros segue mellorando con novas obras

A seguridade vial continúa sendo un obxectivo.

Páxina 5

Como saber **donde está todo en Oleiros**

AXENDA
Páxina 2

Os teus teléfonos

Teléfono do Veciño
Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde, ininterrompidamente
981 610 000

| | |
|------------------------------|---------------------|
| • Concello de Oleiros | 981 610 000 |
| Policia Local (24 horas) | 981 610 001 |
| Garda Civil de Oleiros | 981 610 067 |
| Garda Civil urxencias | 062 |
| Xulgado | 981 610 824 |
| Servizo de augas | 981 610 602 |
| Mercado municipal | 981 638 158 |
| Recadación municipal | 981 635 603 |
| Ofic. Consumidor (Omic) | 981 610 000 ext.211 |
| C. Recup. fauna salvaxe | 981 626 241 |
| Urxencias médicas (24horas) | 061 |
| Centro Urxencias Sta. Cruz | 981 614 901 |
| Centro Saúde Perillo | 981 638 731 |
| Centro Saúde S. Cruz | 981 626 768 |

Centros municipais de actividades

| | |
|--|-------------|
| Centro Cultural A Fábrica | 981 636 598 |
| C. Cul. As Torres Sta. Cruz | 981 630 618 |
| Centro Cívico de Sta. Cruz. Daniel Castelao, 5 | |
| Casa do Pobo de Mera | 981 617 662 |
| Casa do Pobo de Iñás | 981 631 240 |
| Casa do Pobo de Nos | 981 664 257 |
| Casa do Pobo de Dexo-Lorbé | 981 618 201 |
| Centro Cultural de Montrove | 981 638 869 |
| Casa da Cultura de Perillo | 981 636 555 |
| Casa do Pobo de Dorneda | 981 614 582 |
| Casa Charry | 981 631 444 |
| Centro Información Xuvenil | 981 636 598 |
| Casa da República. Rúa O Castelo. Oleiros | |
| Museo Oleiros J.M. Kaydeda | 981 626 692 |
| Pazo dos Vellos Arenaza | 981 6312 40 |
| Castelo de Santa Cruz | 981 6306 18 |

Centros educativos

| | |
|--|-------------|
| C. Form. Isaac Diaz Pardo | 981 631 706 |
| Escola Inf. Esquilo / Dorneda | 981 626 638 |
| Escola Inf. A Braña / Maianca | 981 617 505 |
| Escola Infantil O Vilar / Nos | 981 664 257 |
| Escola Infantil Vilanova / Nos | 981 651 417 |
| E. Inf. O Corgo. Av Jiménez Herrero, 126. Dexo | |
| E. Inf. O Castaño / Perillo | 981 639 160 |
| E. Inf. A Pardela / Os Regos | 981 631 788 |
| E. Inf. Rio da Loba / Oleiros | 981 611 544 |
| Instituto Neira Vilas / Perillo | 981 638 903 |
| L. María Casares/Bastiaqueiro | 981 626 344 |
| C. Luis Seoane/Cande-Mera | 981 617 130 |
| C. Parga Pondal / Sta. Cruz | 981 614 967 |
| Colexio Valle Inclán / Perillo | 981 636 754 |
| Colexio A Rabadeira / Oleiros | 981 610 023 |

Bibliotecas

| | |
|-----------------------------|-------------|
| Central Rialdea / Perillo | 981 639 511 |
| Sta. Cruz | 981 626 338 |
| María José Trincado / Mera | 981 628 507 |
| Iñás | 981 631 240 |
| Dorneda | 981 614 111 |
| Oleiros | 981 610 700 |
| Anxel Fole / Nos | 981 664 257 |
| Xoglar Mendiño / Dexo-Lorbé | 981 618 201 |
| F. García Lorca / Montrove | 981 639 515 |

Transportes

TAXI a domicilio: 981 651 111

Horarios Cal Pita

| | |
|--|---|
| 1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro < | Laborables 6.45, 6.55, 7.10, 7.25, 7.35, 7.45 a 21 cada 15' • 21.30 a 22.30 cada 30'. Volta 7 a 21 cada 15' • 21.30 a 22.30 cada 30' Sábados Ida 7.10, 7.40, 8-22.30 cada 30' Volta 7.30 a 22.30 cada 30' Dom+fest Ida 7.10, 7.40, 8 a 22.30 cada 30' Volta 7.30 a 22.30 cada 30' |
| 2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros < | Laborables Ida 7.05 a 22.05 cada hora Volta 7.35 a 22.05 cada hora Sábados Ida 8.05 a 22.05 cada hora Volta 8.35 a 20.35 cada hora Dom+fest Ida 10.05 a 20.05 cada hora Volta 10.35 a 20.35 cada hora |
| 2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro < | Laborables Ida 7.05 Volta 7.30 Sábados Ida 8.05, 14.05 Volta 8.30, 14.30 Dom+fest Ida 10.05, 14.05 Volta 10.30, 14.30 |
| 2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Dos Regos > Oleiros > Pousada < | Laborables Ida 16.05 Volta 16.35 Sábados Ida 16.05, 19.05 Volta 16.35, 19.35 Dom+fest Ida 16.05, 19.05 Volta 16.35, 19.35 |
| 3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada < | Laborables Ida 6.55 a 20.55 cada hora. Último ás 22. Volta 6.55 a 21.55 cada hora Sábados Ida 6.55 a 20.55 cada 2 horas Volta 7.55 a 21.55 Cada 2 horas Dom+fest Ida 8.55, 10.55, 13.05, 14.55 a 20.55 Cada 2 h Volta 9.55 a 21.55 cada 2h |
| 4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada < | Laborables Ida 6.25 a 21.25 cada hora Volta 6.25 a 21.25 Cada hora Sábados Ida 6.25, 8.25 a 20.55 cada hora. Último 22. Volta 7.25 a 21.25 cada hora Dom+fest Ida 8.25 a 20.25 cada hora. Último ás 22 Volta 8.25 a 21.25 cada hora |
| 6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta < | Laborables Ida 6.50, 7.10, 13.05, de 7.40 a 20.40 cada h. De 8 a 12 c/h. De 14 a 20 c/h. Último ás 22. Volta de 7.10 a 21.10 c/h. De 7.30 a 19.30 c/h. 20.50, 22.30 Sábados Ida 8.50, 9.40 a 20.40 c/h Volta 9.10 a 21.10 c/h Dom+fest Ida 9.40 a 20.40 Cada hora Volta 10.10 a 21.10 Cada hora |
| 6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro < | Laborables Ida a Oleiros 8h • a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8.40 • a Soñeiro 20.40 |
| 6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro < | Laborables Ida a Soñeiro 13.10 Volta de Soñeiro 13.50 Sábados " Oleiros 11, 21.10 • Volta de Oleiros 11, 30, 21.45 Dom+fest " " 10.20 e 13.10 • Volta de Oleiros 10.45, 13.35 |
| VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz < | Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora • Volta 10.30 a 21.30 cada hora |
| VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina < | Luns a domingos Ida 10.20 a 20.20 cada hora • Volta 10.50 a 20.50 cada hora |

farmacias

| | |
|-------------------------------|--|
| Do 18 ó 24 xuño | •Oleiros (Sta Cruz. Francisco Comesaña) •Culleredo (Avdda Vilaboa 50. Vilaboa) •Cambre (Corgo 19 – Brexo-Lema) |
| Do 25 xuño ó 1 xullo | •Oleiros (Arillo. Repú Argentina 95.) •Culleredo (O Burgo. Avda Galicia 1) •Cambre (Cecebre. Volteiro s/n) |
| Do 2 ó 8 de xullo | •Oleiros (Camilo Díaz Valiño 1) •Cambre (Costa da Tapia 31. O Temple) •Culleredo (Tarrío) |
| Do 9 ó 15 xullo | •Oleiros (Mera. Serantes) •Culleredo (O Portazgo) •Cambre (Sigrás. Enxertos 2) |
| Do 16 ó 22 xullo | •Oleiros (Perillo. Avda Rosalia de Castro 247) •Cambre (Pumar Méndez 1) •Culleredo (Celas de Peiro. Peiro de Arriba) |
| Do 23 ó 29 xullo | •Oleiros (Nos. Avda Mariñas 246) •Culleredo (Vilaboa. Avda Vilaboa 50) •Cambre (Corgo 19. Brexo Lema) |
| Do 30 xullo ó 5 agosto | •Oleiros (Sta Cruz. Francisco Comesaña) •Culleredo (O Burgo. Avda. Galicia 1) •Cambre (Cecebre. Volteiro s/n) |
| Do 6 ó 12 agosto | •Oleiros (Arillo. Repú Argentina 95.) •Cambre (Costa da Tapia 31. O Temple) •Culleredo (Tarrío) |
| Do 13 ó 19 agosto | •Oleiros (Camilo Díaz Valiño 1) •Culleredo (O Portazgo) •Cambre (Sigrás. Enxertos 2) |
| Do 20 ó 26 agosto | •Oleiros (Mera. Serantes) •Cambre (Pumar Méndez 1) •Culleredo (Celas de Peiro. Peiro de Arriba) |
| Do 27 agosto ó 2 setmb | •Oleiros (Perillo. Avda Rosalia Castro 247) •Culleredo (Vilaboa. Avda Vilaboa 50) •Cambre (Corgo 19. Brexo Lema) |

Querida lúa

| | | |
|---|---|---|
| O ciclo da lúa | Checa 12ago / 10set / 10out / 9nov | Mingua 20ago / 18set / 18out / 17nov |
| Nova 27ago / 26set / 25out / 23nov | Medra 5ago / 3set / 2out / 1nov | |

| | | | | | | | |
|--|---|---|--|--|--|--|---|
| — Veterinarios Santa Cruz 626310 Gayazan 660335 / Vilanova Saúd Animal 631651 / Os Regos | A Guillón 631567 / Oleiros A. Garcia 617591 / Maianca J.A. Barros 626689 / Dorneda J. Costa 635735 / Sta Cristina A. Dominguez 611108 / Níes S. Fernández 638214 / Perillo Fonellec 662744 / Níes C. Suarez 638400 / Perillo J. Garcia 610339 / Oleiros S. Garcia 611039 / O Carballo F.J. Gueiro 636092 / Sta Cruz M.C. López 637010 / Sta Cruz | A. Martínez 611317 / Oleiros R. Mesias 660694 / Níes J. Novo 90808450 / Oleiros J. Pardo 631127 / Dorneda R. Pol 635325 / Perillo E.F. Orro 908584277 / Mera R. Pol 635325 / Perillo J.L. Rodríguez 626270 / Dorneda A. Vian 637254-906364991 / Perillo | J.M. Alvarez 617788 / Serantes A. Arevalo 617243 / Dexo J. Bao 635617 / Perillo A. Barreiro 617887 / Maianca F. Beltran 628373 / Lorbé J.M. Blas 635811 / Perillo J. Cagiao 626038 / Sta Cruz J. Cal 662449 / Oleiros M.C. Carballo 631578 / Níes Gomallo 666387 / Oleiros D. Bravo 908589979 / Sta Cruz J.M. Fernández 614990 / Arillo | F. Fernández 636076 / Perillo E. Fernández 636572 / Perillo J. Fernández 614919 / Dorneda J. Fernández 617720 / Dorneda L. Gacio 636587 / Perillo A. Garcia 618190 / Serantes Y. Garcia 661448 / Níes M. Illanes 614356 / Dorneda D. Lamas 631356 / Oleiros A. Lastes 908586296 / Dorneda A. López 617411 / Mera J.D. López 626082 / Santa Cruz | F. Mañana 615236 / Arillo J.L. Martínez 636034 / Perillo A. Mato 667662 / Níes J. Mirón 618119 / Mera V. Naya 617096 / Mera M. Novo 610830 / O Carballo A. Otero 631344 / Oleiros J. Pampin 635920 / Dorneda J.L. Prego 626147 / Dorneda J.A. Prieto 61081 / Oleiros F. Recarey 617503 / Oleiros J.M. Rodríguez 610746 / O. Cort. | J.R. Sánchez 664599 / Níes F. Sánchez 610779 / Iñás L. Siso 617461 / Mera M. Siso 617467 / Mera R. Suarez 615239 / Dorneda A. Sueiro 614849 / Dorneda A. Lizal 908581521 / Rialta M. Vallo 610812 / Oleiros F. Vazquez 614927 / Santa Cruz M. Vidal 631015 / O Vilaro M. Vrieto 610060 / Oleiros | M. Miranda 636633 / Perillo J.L. Sanchez 636234 / Perillo — Notarios R. Benzo 611506 / Oleiros — Herbolisterias La Fresca Silvestre 637118 / Perillo — Masaxes-SPA Aqua de Sta. Cristina 637003 / Perillo |
|--|---|---|--|--|--|--|---|

Por favor, se detecta algún erro ou se carencia de algunha información, comuniquenoo para poder subsanalalo.



Alternativa dos Veciños / Ángel García Seoane

O orgullo de ser e sentirse de Oleiros

Pouco a pouco, pero sen parar, Oleiros vaise consolidando como un concello singular, distinto, onde a vida decorre máis agradable gracias ó entorno do que disfrutamos e só moitos servizos, infraestructuras e equipamentos sociais que permiten a maiores, adultos e mozos, ser máis abertos, máis cultos, máis sociabeis.

A convivencia, a amizade entre veciños dos distintos lugares e parroquias, é cada día máis posible. A isto contribúen

os Paeos e as beirarrúas e arcéns, que ó longo e ancho do territorio oleirense permiten esa intercomunicación a centos de veciños e veciñas que exercitan os seus corpos e relaxan as súas mentes, facendo infinidade de amizades nos seus percorridos diarios e de fin de semana.

As novas infraestructuras viarias peatonais, así como os diferentes nós de comunicación, rotondas e ampliación e mellora de diversos viais con forte

tránsito de vehículos, están contribuíndo á seguridade das persoas, fin principal do noso traballo cotián.

Quero aproveitar este espazo para agradece-la boa disposición de centos de propietarios de fincas que, coa súa colaboración na cesión gratuita dos solos necesarios para as obras viarias, fixeron posible en curto espazo de tempo, vivir máis seguro e aumenta-la convivencia.

A achega gratuita de solo é tamén un caso singular en Galicia, e mesmo

poderíamos asegurar que en España. O traballo das entidades veciñas nestes últimos 25 anos, mediante a súa participación en xuntanzas e asembleas co Goberno Municipal, foi a clave para termos o Oleiros que hoxe disfrutamos quen vivimos no concello, e que compartimos con quen nos visita.

Neste tempo de luz e cor nas rúas e parques, nos entornos naturais, convidado a tódolos veciños e veciñas a refuxiarse, precisamente, na natureza,

nos nosos entornos, nos nosos xardíns, parques, paseos, praias... Nos nosos lugares de lecer, que convierten ou axudan a converten en máis agradable, a vida diaria.

A tódolos veciños e veciñas do concello vai o meu agradecemento por ese valioso esforzo en conseguir que o noso concello, sexa un espello limpo ó que todos e todas, nos poidamos mirar co orgullo de dicir e sentir: son de Oleiros.



O Grupo Municipal Popular desestimou a invitación de comunicarse cos lectores de "Vivir en Oleiros" realizada pola Alcaldía, tal como demostra esta carta do Gabinete de Comunicación do Concello e recibida polo Grupo.

Lamentamos non poder ofrecerlles esta estimada colaboración.



Grupo Municipal Socialista / Luís Vázquez (www.oleiros.net)

Gracias Oleiros: vuestros votos han ayudado a cambiar el rumbo político de España

Los resultados electorales del domingo 14 de marzo en Oleiros, sobre un censo de 24.362 votantes, han dado la victoria al **PSdeG-PSOE con 7.855 votos (43,41%)**. La segunda fuerza resultó ser el PP con 7.183 votos y la tercera el BNG con 1.974. El domingo 14 de marzo, la historia de este país escribe una nueva página donde los protagonistas fueron hombres y mujeres anónimos que con un voto en la urna decidieron cambiar

el rumbo de un país que en pocas horas había pasado del horror a la furia. Oleiros no fue una excepción en esta marea de cambio tranquilo, los resultados dieron un triunfo claro al PSdeG, y por ello queremos dar las gracias a todas las personas que han contribuido a que España cuente con un gobierno socialista presidido por José Luis Rodríguez Zapatero.

Los socialistas de Oleiros, como la mayoría de sus vecinos,

esperamos que este Gobierno sea capaz de afrontar los problemas de hoy y ofrecer nuevas soluciones. Un Gobierno que mire al futuro. Un Gobierno con sensibilidad social, dispuesto a poner los poderes públicos al servicio de la igualdad de derechos y oportunidades de todos los ciudadanos. Un Gobierno que no deje a nadie abandonado a su suerte. Un Gobierno próximo y transparente. Un Gobierno con todos y para

todos. Que evite el sectarismo y la crispación. Que gobierne para el interés general. Que defienda la pluralidad y garantice la unidad. Un Gobierno que escuche la opinión de los ciudadanos. Que practique el diálogo y el consenso. Que diga la verdad y no manipule a la opinión pública.

En definitiva, el Gobierno que España merece, un nuevo estilo que también Oleiros necesita. Gracias oleirenses, como siempre

nos ponemos a vuestro servicio.

Como no nos permiten escribir más en este medio, pese a que es público y pagado con los dineros de todos los vecinos de Oleiros, os invitamos a que os pongáis en contacto con nosotros a través de la página www.oleiros.net donde además de información podéis consultar nuestros puntos de vista y hacernos llegar quejas o sugerencias.

Un saludo.



Bloque Nacionalista Galego / Isaac Rebolo Osório. Responsábel Local do BNG de Oleiros

Un ano de estabilidade en Oleiros

Trascurrido un ano de goberno da presente lexislatura, os veciños e veciñas de Oleiros puidemos comprobar xa a estabilidade que permite a presenza do Bloque Nacionalista Galego na xestión municipal. O BNG traballa arreo nas áreas

da súa responsabilidade directa e permite traballar aos seus compañeiros de goberno en beneficio de tódolos cidadáns do concello.

Oleiros está agora alonxado de polémicas e obstrucións ao traballo diario podendo adicar tempo e

esforzos a construír sen atrancos proxectos para acadar maiores cotas de progreso e calidade de vida.

Sen dúbida, debemos felicitar-nos polo acordo de goberno que empeza xa a dar froitos visíbeis e

do que Oleiros é o principal beneficiado; só aqueles que teñan intereses particulares escuros ou ansias de acadar o poder a calquera prezo poderán negar que éste foi o período máis activo e productivo dos últimos anos.

Oleiros continúa a ser un punto de referencia para a instalación de empresas e comercios singulares

Oleiros acollerá proximamente “Jardiland”, un referente internacional do comercio e da xardiñería

Son 31.016 metros cadrados a superficie total desta parcela industrial, dos que o gran centro comercial “Jardiland” ocupará 18.738,60, e o 10% dos mesmos (1.873,86) serán parcelas municipais, e 16.864,74 serán parcelas privadas.

Pero ademais, non faltarán, coma sempre en Oleiros, as zonas verdes e os espazos públicos: 12.277,40 metros cadrados están destinados a tal fin, dos que 7.070,40 son para espazos libres públicos, 630,86 para equipamento público; 79,66 están reservados para servizos e os restantes 4.496,77 destinanse a viais. “Jardiland” é unha empresa referente da xardiñería en Francia, e mesmo se anticipou a un interese crecente dos franceses pola natureza e a xardiñería.

A liña arquitectónica que segue esta empre-

sa segue un principio único: mestura harmoniosamente a madeira e o cristal para ofrecer o espazo e a luminosidade axeitadas ós descubrimentos máis agradables do mundo vexetal.

Así pois, en pouco tempo vaise comprobando o medre de Oleiros tamén no sector comercial, algo que non só satisfará e diversificará a demanda dos oleirenses, senón que de seguro, atraerá a consumidores do resto da área metropolitana, o que redundará sempre en beneficio dos distintos sectores económicos do noso concello.

¿Cántos somos?



PARROQUIAS

| | |
|------------------|---------------|
| Dexo | 1.371 |
| Dorneda | 3.455 |
| Iñás | 1.206 |
| Liáns | 8.158 |
| Maianca+Serantes | 2.359 |
| Nos | 4.020 |
| Perillo | 7.023 |
| Oleiros | 2.446 |
| Total | 30.038 |

... E unha nova urbanización

Tamén se comezou a construción dos edificios da Urbanización Cívicas, emprazados tra-lo establecemento hostaleiro “Nai Pai”. Esta urbanización supón a rehabilitación dunha gran praza e aparcadoiros, que vai se-lo corazón do lugar.

Co 10% da cesión do aproveitamento urbanístico, o concello –a través de convenio a tres bandas– realoxará ós veciños afectados polas obras da 2ª fase do Paseo de Mera, cedendo o concello o solo e obrigándose a permuta-la cesión de pisos e locais comerciais ós veciños.

Urbanización Cívicas



Seguimos cos arcéns

Das Torres a Franzomel, que chegarán a Abeleiras

Na estrada provincial de Santa Cruz a Meirás, habilitáronse arcéns entre As Torres e Franzomel. Está previsto continuar estas obras ata Abeleiras.



Franzomel

Fin das obras en Sta. Leocadia



Santa Leocadia

Plan de seguridade vial



Zona Avda. Venezuela

Continúa a construción de arcéns e beurrúas. Rematou a conexión peonal entre Oleiros e Sta Cruz pola Avda. de Venezuela e a Rúa da Ferrala.

Rematou a apertura dunha nova rúa en Santa Cristina, que une a Rúa Galileo-Galilei coa Praza Chico Mendes, un vial que conta con 12 metros de anchura. Esta obra foi posible gracias á cesión dos terreos feita polos veciños propietarios colindantes a ela, e supuxo ademais a instalación de infraestruturas, como o saneamento, alumeadado público, o gas ciudad, etc. Tamén permite contar dende agora, cunha nova zona de aparcadoiro. É bo lembrar que a corredoira antiga era un foco de conflitos que afectaba mesmo á seguridade dos veciños da zona.

Glorieta de Cristo Rey

Remataron as obras de construción da Glorieta e ampliación de viais con dotación de beurrúas na zona do Carballo, na intersección das Rúas Maside e Miguel Hernández. O Colexio cedeu máis de 700 m², e o investimento foi de 273.000 €. As obras realizadas e sufragadas polo concello en estradas da Xunta, conlevaron a demolición da casa que facía 'tapón' na conexión coa N-VI. Conseguiuse a axilización do tráfico e a seguridade dos peatóns, veciños da zona e alumnos do Colexio Cristo Rey..



Glorieta de Cristo Rey

Proximamente...

Novas subastas de parcelas para vivendas unifamiliares

Entre os meses de xuño e xullo, o concello sacará a subasta diversas parcelas en distintos puntos do termo municipal. Ampliarase a información e comunicarse a través da Radio

Municipal e da prensa a tódolos veciños interesados na súa adquisición. Para satisfacerlo interese dos interesados nelas, adiiántase parte das características das parcelas, anti-

pándolle-las súas características, o empra-zamento e o número de vivendas que nelas se construirán:

"O CARBALLIDO" – PERILLO, xunto á Piscina municipal

Parcela 1024 313 m² núm máximo de vivendas: 2
Parcela 1034 702 m² núm máximo vivendas: 3

SANTA CRUZ – LIÁNS, xunto ó Polideportivo

Parcela 4 150 m² vivenda unifamiliar adosada
Parcela 13 343 m² vivenda unifamiliar pareada

AS CANCELAS – PERILLO

Parcela 4.2 801 m² 2 viv. exentas
Parcela 3.5 960 m² 2 "
Parcela 2.6 534 m² 1 "
Parcela 5.7 645 m² 1 "

PERILLO

Parcela 4 401.73 m² viv. plurifamiliares

CABREIRA – MAIANCA

Parcela 16 332 m² viv. unifamiliar pareada
Parcela 15 197 m² viv. unifamiliar adosada
Parcela 14 207 m² viv. unifamiliar adosada



Mesón da Auga: foron tramitadas máis de 250 solicitudes para acceder ás 167 vivendas de Protección Autonómica

Superáronse con creces as 250 solicitudes presentadas no Concello de Oleiros para acceder en propiedade a unha das 167 vivendas de Protección Autonómica no Polígono Residencial de Mesón da Auga (Carballo, Nós). O prazo pechou o 11 de xuño, data na que caducaron os 3 meses dende que se abriu o período de solicitude o 11 de marzo.

Calquera persoa empadroada alomenos dende hai un ano no concello de Oleiros, puido recolle-lo impreso de solicitude no concello. Agora o proceso continúa o seu camiño, analizando as solicitudes presentadas e comprobando que cumpren os requisitos esixidos. No caso de quedar, unha vez feito este trámite, algunha/s vivenda/s libres, volveríase abrir un novo prazo de solicitude, pero desta volta, aberto tamén ós concellos limítrofes.

De todo isto, manteremos informados ós veciños tanto a través da Radio Municipal de Oleiros coma da prensa en xeral.

Datos das vivendas

- Das 167 vivendas que están proxectadas, 110 son unifamiliares, de aproximadamente 120 m², con 4 dormitorios, garaxe e trasteiro, e o seu valor ascende a 108.982 euros máis IVE cada unha delas (18.118.104 pts.-).
- Os seus prezos oscilan entre os 65.216 euros (10.851.029 pts.-) e os 87.325 euros (14.529.657 pts.-), e en tódolos casos, sumándolle-lo IVE.
- As restantes 57 vivendas, distribuídas en 4 bloques, teñen: 3 delas 2 dormitorios, 36 teñen 3 dormitorios e 18 vivendas son de 4 dormitorios.



Polígono Residencial de Mesón da Auga (Carballo, Nós)

O 11 DE XUÑO ÁS 14:00 HORAS, REMATA O PRAZO para solicitar as vivendas de Protección Autonómica de Mesón da Auga



Campo da festa de Nós

Melloras no campo da festa de Nós

Dentro da Finca "A Carballeira" en Nós, o concello habilitou o pasado ano un espazo para Parque Público e Campo da Festa da parroquia, no que se executaron obras de explanación, drenaxe, recuperación de muros e camiños, alumeado e mobiliario.

A petición dos veciños da parroquia de Nos, estanse tamén realizando melloras por importe de 30.000 euros, que consisten en pavimentar unha pista central multiusos, a pavimentación dos accesos, encauzado con pedra o cauce, reconstrución do muro de pedra e axardinamento, que estarán rematadas todas elas para a celebración das próximas festas de Nos.

O concello, satisfeito pola actuación de Defensa no Seixo Branco

O Ministerio de Defensa respondeu xa ó concello de Oleiros sobre a información que no seu día este lle fixera, en relación ós terreos das Baterías de Seixo Branco, así como sobre os accesos dende o núcleo de Xoés.

Como é sabido, estes terreos foran vendidos no seu día a unha inmobiliaria, e o concello impugnara e denunciara a devantida venda por ser patrimonio público costeiro, demandando que no seu lugar, fose cedido ou ben ó concello, ou ben ó Ministerio de Medio Ambiente. As actuacións veñen a garanti-la promoción e conservación do Monumento Natural de Serantes-Dexo

Os responsables da Xerencia de Infraestrutura e Equipamento da Defensa, do Ministerio de Defensa, contestaron a finais de maio comunicando que os terreos de Seixo Branco foron efectivamente, cedidos ó Ministerio de Medio Ambiente, previa compensación presupostaria. No referente ós accesos ó núcleo de Xoés, estanse desafectando por parte de Defensa para a súa cesión á Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente.

O concello está satisfeito por estes acordos, que veñen a garanti-la promoción e o uso público deste espazo natural que forma parte do Monumento Natural de Serantes-Dexo.

45 novos quilómetros de **rede de gas natural** para Perillo, Nós, Iñás, Oleiros, Liáns, Serantes e Maianca contarán con este servizo

O proxecto de despregue da rede de Gas Natural para o termo municipal de Oleiros para o presente ano 2004 xa foi presentado, e afecta ás devanditas parroquias principalmente, cun total de 45 quilómetros previstos de extensión desta rede.

As zonas beneficiadas en Perillo desta nova fase son: O Carballido, A Fonte, Valle Inclán, Avda. das Mariñas e Avda. Neira Vilas. En Montrove son a Urbanización Montrove e máis a Urbanización que hai entre o Club de Tenis e a Avda. Salvador de Madariaga, en Lamastelle. En Santa Cruz, as zonas afectadas son as de Meixón Frío, Eduardo Pondal, O Saber, o Centro de Santa Cruz e máis a Avda. Díaz Pardo.

En Oleiros, está afectado todo o centro do núcleo urbano, e as Avdas. Francisca Herrera, Fontedouro, a estrada de Soñeiro, o Obelisco, e As Pardelas. Xa en Iñás, a rúa de Miliña e a zona de Fontedouro son os lugares polos que pasará a rede de Gas Natural, mentres que en Nos serán a urbanización de Mesón da Auga, Xosé Baena, Avda. das Mariñas, O Pedregal, a Avda Miguel Hernández, a rúa Maside, Giner de los Ríos, Río da Veiga, O Seixal, O Valiño e o Xardín de Nos. En Maianca, as urbanizacións de Canide, Pía de Maianca, rúa de Curros Enríquez e a Avda María Pita. E por último, en Serantes, serán as rúas Celso Emilio Ferreiro e Cividanes. Tamén existen outras zonas afectadas, pero de menor entidade e con obras de moi inferior envergadura.

A coordinación das obras realízase no Dpto. de Obras Públicas, aberto coma sempre á información ós veciños interesados, dentro do horario de oficinas.



Obras de canalización do gas

Máis obras a acometer proximamente

Proximamente, ademais da relación de obras publicada no anterior "Vivir en Oleiros", acometeranse tamén:

- O tramo de saneamento na Avda. Miguel Hernández, en O Carballo
- Saneamento na Avda. Fonte do Ouro, na zona urbana de Oleiros
- Acondicionamento de vestiarios e dotación do novo Náutico de Santa Cristina
- Habilitación do Centro de Interpretación do Litoral, na Casa do Fareiro de Punta Mera
- Pavimentación da Rúa O Cruceiro, en Dorneda
- Mellora na seguridade vial, nos cruces de A Rabadeira en Oleiros, e microrrotonda no Lucín, en Perillo.
- Escola Infantil de Perillo.
- Habitáculos de madeira para adecenta-las zonas dos contedores de lixo nas rúas do concello.
- Alumeado da pista cuberta de Lorbé e do entorno da Casa do Pobo.
- Andén peonil dende a lagoa a Maianca, na rúa Tierno Galván.
- Pavimentación da rúa Vista Alegre (Liáns).
- Conversión en vía peonil da Rúa As Cancelas, tras do estadio do INEF.
- Ampliación da parcela do Colexio Luís Seoane e construción do peche da nova zona.
- Habilitación dunha nova aula de danza no edificio da Fábrica en Perillo.
- Habilitación dunha pequena rotonda no cruce da rúa da Vila e a de Atochas (Iñás).
- Pavimentación e andén peonil ó Faro de Mera.

Unha nova imaxe para o Paseo de Mera...

Mellora-la calidade de vida e os atractivos turísticos

As obras do Paseo de Mera, que transforman substancialmente a fachada marítima da localidade, están a piques de rematar. Foron levadas a cabo por Demarcación de Costas.

Converti-la estrada que vai pola fronte da localidade en vía urbana, con tráfico de coexistencia, pavimentada con adoquíns cerámicos, son parte dos logros que se perseguían con esta obra. De camiño, anováronse as infraestruturas de saneamento (auga, electricidade...), colocouse a instalación de Gas Ciudad, e habilitouse un paseo de madeira separado da estrada, e un tramo da Rúa Celso Emilio Ferreiro foi tamén peatonalizado.

Conta así Oleiros cun novo espacio de lecer que, ademais de servir ós veciños e veciñas da zona e do concello para o seu disfrute, contribúe a agranda-los revulsivos turísticos, sobre todo nesta zona, un dos lugares de Oleiros de maior atractivo para os visitantes por mor, entre outras cousas, da calidade das súas praias.



O novo aspecto do Paseo de Mera



Inauguración das novas instalacións do Concello

Ampliación das Instalacións do Concello

■ O edificio foi mercado ós herdeiros da familia García de Dios

- As novas instalacións que amplían as dependencias municipais inauguráronse o 6 de marzo deste ano
- A superficie total construída é de 702,95 m²
- A planta do Soto é de 95,45 m²
- A planta baixa é de 315,85 m²
- A primeira planta ten 284,11 m² de superficie
- O baixo cuberta é de 180,44 m²
- Nestas dependencias instaláronse os Departamentos de Intervención, Contabilidade, Informática, Obras Públicas e Arquivos e Instalacións
- O custe total das obras de rehabilitación foi de 611.160 euros
- O arquitecto foi José Mantiñán Soler. O aparellador foi Antonio Baamonde Rodríguez, e a empresa constructora foi Alcuba S.A.



Funcional e ó servizo dos veciños de Oleiros

O 'billete único' permitirá cambiar de **autobús** cunha **única tarifa**

O Concello está enfrentando o problema das carencias do transporte público dende hai moitos anos. O último proxecto presentado á Xunta de Galicia, na Dirección Xeral de Transporte, foi no 2002. Hoxe estase á espera de que a Xunta convoque unha reunión para continuar as xestións comezadas hai xa tempo para poñer solución a este problema que afecta non só a Oleiros, senón a toda a Área Metropolitana.

A Xunta ten elaborado un estudo sobre a implantación de importantes melloras nas sete grandes áreas de Galicia. Nazona da Coruña, están afectados A Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros, que no estudio denomínase "Área de prestación coordinada para o transporte público de viaxeiros", co ánimo de conseguir un sistema colectivo de transporte integrado. Para iso, pediron a colaboración dos concellos afectados, e o de Oleiros de feito colabora para que redunde nun transporte de calidade para os veciños.

Dous dos aspectos a ter en conta neste pro-



xecto, son a integración tarifaria –billete único– cunha importante achega económica tanto por parte da Xunta coma dos concellos, co ánimo de non encarece-lo prezo do billete ó cidadán. Outro é a colocación de puntos intercambiadores nos que os usuarios poderán cambiar de autobús para dirixirse ó punto que desexen, tanto dentro como fóra do concello.

Son xa moitos anos loitando por mellora-lo transporte de viaxeiros no termo municipal. Todos saben que hai anos, implantárase un 'bus gratuito' que comunicaba tódalas parroquias, pero sen resultado algún, xa que os

usuarios non chegaron a utilizalo. Aínda así, e co ánimo de mellora-lo servizo, o concello remitiu á Xunta unha proposta para a creación dunha ou dúas liñas dentro do termo municipal, que puidesen conecta-los núcleos de poboación máis importantes, e que dése servizo a parroquias que teñen un déficit moi acusado en servizo de transporte, como Dexo, Serante, Maianca e Iñás, así como unha parte importante de Nos. Tras varias xuntanzas dos responsables municipais coa dirección xeral de Transportes, decidiuse optar pola modalidade da implantación da seguinte **liña que percorre:**

dende unha das cabeceiras emprazada no Seixal, pasará por Vilar, Vilanova (Nos); Os Vilares, Morzán, Fontes e Campamento (Iñás); O Piñeiro e a Pezoca (Oleiros); A Ferrala, Coruxo, Santa Cruz e Franzomel (Liáns); Abelairas, Arillo (Dorneda); Broño, Maianca e A Lagoa (Maianca); Mera e Agra (Serantes); e O Cubo, Dexo e Lorbé, que será a outra cabeceira da liña, en Dexo.

Salvamento e Socorrismo nas praias e núcleos urbanos

Incrementa-los servicios de salvamento e socorrismo, incrementa-la seguridade nas nosas praias e nos núcleos urbanos que se ven ategados de xente, é un dos obxectivos do concello cada verán.


O número de socorristas cos que se conta este verán para o servizo nas praias é de 35 profesionais, debidamente titulados en Salvamento e Socorrismo.

O horario de prestación do servizo de Salvamento e Socorrismo vai dende as 11 da mañá ata ás 8 da tarde, tódolos días da semana.

Os postos de Bastiaqueiro e Mera contan cada un con 7 socorristas e un DUE -Diplomado Universitario de Enfermeiría, e con novos postos que están dotados de tódolos medios materiais para o bo funcionamento.

O posto de Santa Cruz conta con 2 socorristas e 1 DUE. A praia de Naval en Dorneda ten por primeira vez un Posto de Salvamento e Socorrismo con dous socorristas e un DUE. Cóntase con 10 voluntarios da Sección de Tráfico e Actividades para viaxaren ás zonas peonais de Bastiaqueiro. Esta vixiancia exténdese tamén á zona de Mera.

Para realiza-las funcións de salvamento nas praias, este ano mercouse unha nova embarcación a motor, para que a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil conte con cinco embarcacións para cumprí-los seus servizos con máis recursos.



Disfrutemos das praias... limpas



O 1 de xuño comezou a campaña de limpeza das praias. Santa Cristina, Bastiaqueiro, Santa Cruz, Naval, Mera, Penatouro e Espiñeiro, son os areais que se limpan diariamente.

Pero pensemos que se todos contribuímos, se nos poñémo-la pila á hora de recolle-los refugallos dos produtos que acostumamos a consumir na praia, será mellor para todos. Porque todos queremos te-la praia limpa cando chegamos a ela para pasar un tempo agradable.

Durante os meses de xuño a setembro, as praias límpanse diariamente de xeito mecánico, é dicir, moveranse as areas para osixenalas. Este traballo refórzase con brigadas de traballadores municipais que manterán o entorno e as áreas de influencia das praias en perfecto estado, para o uso e disfrute dos veciños e de todos aqueles que se acheguen a disfrutar da nosa riqueza natural.

Pasea-los cans si. Recolle-los seus excrementos tamén

Rexistra-los cans de compañía ou vixiancia, é unha obriga que pode evitar moitos males


É moi loable ter animais de compañía ou vixiancia nas casas. Pero todos sabemos tamén que existe un rexistro no concello, no que debemos censalos, inscribilos, para evitar así problemas que ocasionalmente poden acontecer. Tamén é preciso lembrar que o can non ten culpa dos seus erros: son os donos os seus responsables. Sacar a pasea-lo can é un dereito que este ten, pero a nosa obriga é recolle-los excrementos que deixa no lugar de paseo.

Quen teña un can, sexa doméstico ou de raza potencialmente perigosa, debe cumprí-las súas obrigas legais: inscribilo no rexistro do concello, onde se informará previamente de tódolos trámites a facer en calquera dos casos.

Cando sacámo-lo can de paseo, facémo-lo correcto. O único que temos que prever antes de saír de casa, é colle-los guantes e bolsiñas de plástico axeitadas para recolle-los excrementos que por lóxica natural, os cans deixan no traxecto do paseo.



De 300 a 6.000 euros de sanción se non se limpan as fincas e solares



Fincas suxas

A lei 9/2002 de 30 de decembro sobre ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, dí no seu artigo 9 que "os propietarios de toda clase de terreos, construcións e instalacións, deberán mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade.

¿Qué quere dicir? Pois que non se permite que fincas, montes e solares, estean ateigados de silveiras e maleza. Pero tampouco se permite queimala, porque a propagación de incendios por mor desta práctica, así o aconsellou.

Incumplir esta norma pode levar a ter que pagar entre 300 e 6.000 euros de sanción ou multa coercitiva. E a lei permite ademais impoñer reiteradamente esta multa ós propietarios, mentres non sexan limpados os lugares que a motivan.

Pero o concello non quere enche-las arcas a conta de impoñer sancións por infracción. O que quere é que se limpen as fincas e solares de maleza, que sexa iniciativa dos propios donos, facéndose eco da importancia que ten o respecto ós demais veciños, e ós espazos de tránsito público.

Novos axentes da Policía Local: máis seguridade para os barrios de Oleiros

Contar cun maior servizo de control e vixilancia das nosas rúas e barrios, é para os veciños e veciñas un garante de seguridade. O cadro de persoal da Policía Local do concello viuse incrementado recentemente con 7 novos axentes que dan así unha maior cobertura á función policial no termo municipal.

Aumenta así a vixilancia nas zonas urbanas coa Policía de Barrio. Unha labor que adquire suma importancia se temos en conta o necesario sentemento de seguridade que os veciños e veciñas dos barrios deben ter. Dar información ós veciños, facer cumprí-las normas e ordeanzas, estase extendendo a distintas parroquias de Oleiros á medida que estas van medrando coas novas urbanizacións.

O gran incremento de poboación que se produce no período estival en Oleiros, supón maiores problemas de tráfico e de vixilancia en xeral, sobre todo nas zonas das praias, espazos de lecer e esparcemento.

Ademais, mercáronse motos e coches para incrementa-lo parque móbil así como os novos equipos de transmisión.



Unha patrulla da Policía Local



Unha das funcións da Policía Local

Actividades para gañar tempo

No verán, ¡non te pares!

1ª Guía do Programa de
“Actividades do Verán”
 04



Organismo Autónomo Municipal de Cultura
Concello de Oleiros



MINICAMPAMENTOS

Porta de entrada para os nenos e nenas á acampada en plena natureza: aprender a convivir, coñece-lo seu entorno, aprender xogando. Os nenos e nenas de 3 a 6 anos, comezarán a defende-la conservación e respecto polo medio ambiente....
 E facer novos amigos.

Quendas:

- 13 e 14 de xullo:** “Mini A Marola” (Mera) de día e medio.
- 16 de xullo:** “Mini Punta Bufadoira”, (Mera) unha xornada -sen noite.
- 3 e 4 de agosto:** “Mini Os Picariños” (Dexo)
- 6 de agosto:** “Mini Os Goliños” (Dexo)

(Información en Servicio Mncpal. Educación: 981 610000)

ACAMPAMENTOS



Os nenos de 7 a 10 anos estarán dous días coas súas noites. Compartirán responsabilidades dos labores da acampada, e fomentarán o compañeirismo e o traballo en grupo. A xornada comeza ás 10 da mañá do 1º día e remata ás 13:00 horas do terceiro día. Afianzarán os valores naturais e histórico-artísticos do medio e o respecto pola conservación da natureza... e de seguro que farán novos amigos.

Quendas:

- 20, 21 e 22 de xullo:** Acampamento “A Lagoa” (Mera)
- 10, 11 e 12 de agosto:** Acampamento “O Castro de Subiña” (Dexo)

(Información en Servicio Mncpal. Educación: 981 610000)

EXCURSIÓNS DE VERÁN

Os rapaces e rapazas visitarán e acamparán en espazos naturais de Galicia descubriendo os seus valores e características, relacionándose co grupo en contacto directo co medio ambiente... respectando o medio ambiente... E tamén farán moitos e novos amigos.



Quendas:

- Para os nenos e nenas de 7 a 10 anos:
- 30 e 31 agosto e 1 setem.:** excursión ás Fragas do Eume
- Para os rapaces e rapazas de 11 a 14 anos:
- do 26 ó 30 de xullo:** excursión polas Rías Baixas ata o “Monte Aloia”, no Baixo Miño
- do 16 ó 20 de agosto:** excursión á “Ría do Eo” en Castropol (Asturies).
- 24, 25 e 26 setem.:** excursión á Limia. Ruas sendeirismo, Festa da Sainza, Romaría pipular, Fornada de Pan tradicional viaxes en bici, escalada en rocódromo...

(Información en Servicio Mncpal. Educación: 981 610000)

“ALGO JUAPO”



... e despois de tanta acampada, excursión e horta... ven o tempo de comparti-las experiencias vividas nun reencontro lúdico que terá lugar ó longo de dúas tardes de sábado:

- 18 de setembro** de 5 ás 8 da tarde: os rapaces/zas das Excursións de entre 11 e 14 anos
- 25 de setembro** de 4 a 6 da tarde, os rapaces/zas dos Minicampamentos, e de 6 a 8 da tarde, só os rapaces/zas dos Acampamentos.

E para que non falte o lecer, entre ‘conto e conto’... ¡contacontos!, monicreques, concertos... e unha merenda de convivencia.

Os protagonistas das “aventuras do verán” reforzarán os seus lazos afectivos, entreteranse e divertiranse nesas tardes de setembro e aprenderán a convivir nun ambiente de respecto entre os veciños e veciñas do concello, fomentando actitudes sans no uso do tempo de lecer.

¡ALGO JUAPO PARA TÓDOLAS RAPACES E RAPAZAS QUE VIVIRON A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE VERÁN DO CONCELLO!

(Información en Servicio Mncpal. Educación: 981 610000)

HORTAS NO VERÁN



Os meniños e meniñas de 3 a 6 anos nuns casos, e de 2 anos noutros, aprenderán e realizarán traballos de cultivo nunha horta biolóxica, con criterios educativos. Os rapaces recollerán os froitos sementados durante o curso, dentro do programa “Hortas Escolares”, e manterán en bo estado a terra e a zona de compostaxe para o seguinte curso escolar. Pero os cativos non se esgotarán, porque son sesións de 1 hora á semana en cada horta.

Quendas:

- Serán nos meses de **xullo e agosto**, tempo de ‘recolleita’ dos froitos en “Esquío”, “A Pardela”, “As Galeras”, “Parga Pondal” e “A Braña”.

(Información en Servicio Mncpal. Educación: 981 610000)

Un verán máis divertido... para gañar amigos

A Banda da Escola Municipal de Música



Comezou a formarse no ano 2000. A meirande parte dos seus membros son alumnos e alumnas das 22 especialidades instrumentais da Escola, e conta con arredor de 50 participantes, a maioría deles, xente nova.

Se es músico e residente en Oleiros, tamén podes formar parte da Banda.

O martes 22 de xuño ás 20 h, ofrecerá un concerto de fin de curso aberto a todo o público en xeral, no Auditorio da Fábrica. E ata Setembro, ata o inicio do novo curso escolar 2004/2005, descansan.

A Banda, forma parte do proxecto educativo da Escola Municipal de Música. É dicir, os alumnos-as que estean estudiando unha especialidade instrumental terán que, obrigatoriamente, cursar unha actividade colectiva. Entre estas actividades atópase a posibilidade de integrarse na Banda, que ofrece a posibilidade de formar a xoves nun tempo de lecer musical e cultural, posibilitando deste xeito educar no tempo libre dun xeito constructivo e socializador, procurando evita-lo nacemento do ocio consumista, moitas veces destructivo e desviacionista que o sistema ofrece como saída ocasional á nosa xuventude.

... A orquestra de Corda da Escola Municipal de Música

A Orquestra de Cámara da Escola Municipal de Música de Oleiros, é unha agrupación de alumnos que tocan instrumentos da familia da corda. É dicir, converteuse nunha Orquestra de Corda.

Consta de aproximadamente 30 instrumentistas de violíns, violas, contrabaixos e violoncelos, que ensaian tódolos sábados de 10 da mañá a 1 da tarde, na Escola Municipal de Música, na Fábrica.

Tamén realiza intercambios con outras agrupacións. Este ano xa realizou un concerto no auditorio do Pazo da Cultura de Carballo para os alumnos do Conservatorio deste Concello bergantiñán. Foi moi eloxiado polo director do Conservatorio ó remate da actuación, dada a sorpresa de ter escoitado a rapaces e rapazas tan novos interpretando con corrección as distintas obras.

Hai que salientar que, a diferenza dos conservatorios, as Escolas de Música inician as súas clases para alumnos que teñen 4 anos de idade; pola contra os conservatorios retrasan o inicio ata os 8 anos. Froito do noso traballo pedagóxico coa infancia, nenos de 4 a 7 anos, nacen vocacións musicais na moi curta idade, que poden dar orixe a grupacións de xente moi nova.



*Estase a formar unha Agrupación Coral na Escola.
¡Inscríbete!*

75 na escola de Danza e 60 na de Música

O calendario de matriculación é:

ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA

MATRÍCULAS: do 8 ó 10 de setembro

GALA DE FIN DE CURSO: venres 18 de xuño, pavillón do CEIP "Valle-Inclán"

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS: 16 de xuño

MATRÍCULAS: do 21 ó 25 de xuño

*A Semana Grande de Audicións
celebrarase do 7 ó 11 de xuño na
Fábrica ás 8 da tarde.*

*Os Concertos de fin de curso son tamén eventos que se irán
celebrando e convocando no seu tempo; son concertos das
agrupacións pertencentes á Escola: a Banda, a Orquestra de
Cámara, a Big-Band e a Coral.*

Para ampliar-la información e proceder ás matriculacións, dirixirse á Escola municipal de Música/Escola municipal de Danza, no Centro Cultural "A Fábrica, Rúa do inglés, s/n. 15172. Perillo. Oleiros. Tfno: 981 63 65 98/ 63 57 69
Horario de atención ó público: de 16,30 a 20 h

As tertulias literarias: unha tradición a recuperar

Dende vello, as tertulias literarias son parte da historia e da nosa cultura, son parte das Letras Galegas e duns hábitos que por mor dos tempos, correron o risco de se perderen. Pero non é así en Oleiros, porque... ¡qué mellor que recuperar esta tradición que tanto aporta individual e colectivamente ás persoas, á sociedade!

■ **O principal obxectivo é animar a ler... e desta volta, non ós cativos, senón ós maiores**

Ás 5 da tarde, tódolos mércores na *Biblioteca Central da Rialeda en Perillo*, e tódolos xoves na *Biblioteca e Centro de Documentación "Rosalía de Castro" de Santa Cruz*, teñen lugar estas "Tertulias Literarias" que consisten en comentar entre os asistentes as obras de distinto xénero literario, principalmente narrativa, nun ambiente familiar, procurando atopalo lado non só formativo, senón tamén lúdico da lectura.

Disfrutar da literatura como un desenvolvemento da capacidade de entender, valorar e gozar da creación literaria a través da lectura, de tal xeito que, compartindo ideas, reflexionando

sobre os temas que trata o libro, analizando a propia visión do mundo, poidamos enriquecernos todos co punto de vista dos demais.

■ **Ler, reflexionar, analizar, debater... forma parte da comprensión da lectura e enriquece o pensamento individual e a conciencia colectiva**

Velaí o enriquecemento de escoitarmos qué significa ese libro para uns e para outros: a diversidade cultural é básica para a formación persoal e colectiva.

■ **O libro é un lugar onde durmen as historias que están esperando a seren esperadas polos seus futuros lectores e lectoras**

A través destas "Tertulias Literarias", descóbrense tamén o xeito de escribir de cada autor ou autora, os distintos estilos e tipos de lingua que emprega, etc. Téntase así aproximar ás diversas obras elixidas a través dos diferentes niveis: estético, afectivo, intelectual..., e analízanse os textos escritos e os procedementos e características máis importantes de cada obra.



Biblioleiros: a hora do conto

Seguindo coa programación de animación á lectura, tradicional xa nas nove Bibliotecas de Oleiros, e co obxecto de potencia-lo hábito lector entre os máis novos, lévase a cabo a campaña "A Hora do Conto". Foron programadas 108 sesións de contacontos en total. Conseguir novos lectores entre os máis novos, conscentes de que o futuro da lectura está naqueles grupos de menor idade.

Continúa o Obradoiro de Alfarería



Obradoiro de Alfarería

A alfarería ten unha longa tradición no concello de Oleiros, coma o seu propio topónimo sinala. Velaí que dende a área de Cultura do concello, quixose apostar por un curso que amosara as distintas técnicas e formas de trata-lo barro.

En Oleiros, en agosto, celébrase o consolidado "Alfaroleiros", un dos actos culturais máis esperados do verán oleirense e unha das Feiras de Alfarería máis importantes do estado español. Este ano, cumprímo-los dez anos de celebración.

Os alumnos do Obradoiro, nesta Feira, expoñen algunhas das pezas que realizaron ó longo do curso —que comprende dende outubro a xuño— amosando así os coñecementos que adquiren, e o estilo que van imprimindo ás súas pezas. Este curso de alfarería, realízase no Alfaz emrazado no Parque de As Torres en Santa Cruz, tódolos luns e martes en horarios divididos en dous grupos: de 4,30 a 6,30 da tarde, e de 6,30 a 8,30.

Os alumnos, a pesares de que aínda queda un tempo antes de celebrarmos o Alfaroleiros, xa se están preparando.

Non te perda-la delicia de coñece-la costa de Oleiros, vista dende o mar en Kayak

Coñece a nosa costa en kayak

Coñece-la costa de Oleiros é algo que está ó alcance da práctica totalidade dos veciños. Pero non cabe dúbida de que, facelo practicando ó mesmo tempo Kayak de mar, é algo diferente e quizais máis divertido. Velaí a razón pola que o *Servicio Municipal de Deportes* programou, dende o pasado 27 de marzo, excursións en Kayak de mar para todas aquelas persoas, as novas e as menos novas, para poder vivi-lo pracer de esbarar polo mar dun xeito distinto, ó tempo que se coñece máis de preto a nosa costa: presumir do noso patrimonio natural, da nosa beleza paisaxística, é o mínimo que podemos facer quen amamos profundamente este cacho de mundo chamado Oleiros.

Para facer estas excursións, só hai que acodir ó Centro Deportivo e Cultural "A Fábrica" en Perillo, ou chamar por teléfono ó 981 63 65 98, apuntarse... e paga-la cota correspondente, que ascende a tan só 8,5 euros, (1.414 pesetas de antes).



Clube de regatas de Oleiros

O deporte é saúde e divertimento:

Cursos de kayak de mar, de luns a venres, e con dúas quendas: de 10 a 12 da mañá para rapaces de 11 a 14 anos, e de 12:00 a 14:00 para rapaces de 15 a 18.



Os cursos son: **en xullo, do 5 ó 16 e do 19 ó 30.**

En agosto son: **do 2 ó 13 e do 16 ó 27.**



Cursos de Remo creativo: se tes máis de 12 anos, infórmate na Escola Municipal de Remo en "A Fábrica", porque alí se realizarán cursiños **dunha semana de duración** durante os meses de **xullo e agosto**.

Excursións en kayak de mar: se tes 18 anos, ou máis de 14 pero vés con acompañante, poderás coñece-las Costa de Oleiros, tódolos mércores e sábados de 16:30 a 19:30. Sairase do Local Náutico Municipal de Bastiagueiro.

(Información en A Fábrica de Perillo, tlf. 981 636598)

Probas Deportivas:

Competicións e Torneos

Torneo de fútbol:

Todo o mes de agosto, para tódolos clubs modestos do concello



XIV Bandeira de Traiñas:

O 1 de agosto, a partir das 11 da mañá, na praia de Sta Cristina. Será retransmitida pola TVG.

Torneo de Balonmán "Concello de Oleiros":

O 7 de agosto, no Pavillón Municipal de Perillo



Triatlón:

O 5 de setembro, para deportistas federados e veciños, no Porto de Sta Cruz



Torneo de Tenis de Mesa:

Os días **25 e 26 de setembro**, no Pavillón Municipal de Canide.

COMPETICIÓN... PARA COMPARTIR!

O deporte é para ti

Volei-praia: se tes entre 10 e 14 anos, os luns, mércores e venres de **xullo e agosto**, de 10 a 12 da mañá, na praia de Bastiagueiro. Se tes máis de 15 anos, en **xullo, do 5 ó 16** e en **agosto, do 2 ó 13.**



Cursos de Iniciación ó Body-Board: tes que ter entre 11 e 17 anos para iniciarte no mundo do surf. Quedamos na praia de Bastiagueiro nas seguintes datas: en **xullo, do 5 ó 9 e do 19 ó 23**, e en **agosto do 2 ó 6 e do 16 ó 20.**

Campamentos Deportivos: Para rapaces de 11 a 16 anos, actividades multideportivas con xogos deportivos, surf, piragüismo, miniaventura... Cada campamento durará unha semana deluns a venres, en horario de 10:00 a 14:00 horas. **Do 5 ó 9 de xullo**, dende o pavillón de Canide; **do 12 ó 16 de xullo**, dende o pavillón de A Rabadeira en Oleiros; **do 2 ó 6 de agosto** dende o pavillón de Perillo, e **do 9 ó 13** deste mesmo mes, dende o pavillón "Arsenio Iglesias" de Sta. Cruz.

"Oleiros en forma": asesoramento físico ó veciño. É un amplo programa do que te podes informar no 981 636598, que é o tlf. de A Fábrica. ¡Achégate ata alí!

Cursos de Natación: é para rapaces de 3 a 14 anos. Infórmate dos horarios e quendas na "Fábrica", ou na mesma Piscina Municipal de Perillo; e chamando ó 981 634030.

(Información na Fábrica de Perillo, tlf. 981 636598)

O triatlón no circuíto galego

A XV edición do Triatlón de Oleiros acada xa a maioría de idade, e pasa a formar parte do circuíto galego, con carácter oficial e que permite pasar a ser puntuable. Así mesmo, a XIV edición da Bandeira de Traiñas de Oleiros, estará incluída na Liga Galega, para a que este ano, o Club de Regatas de Perillo agarda uns bos resultados.

Boas noticias sen dúbida para o deporte local, e un recoñecemento á capacidade organizativa do concello de Oleiros nos grandes eventos deportivos. Na presente lexislatura, lévanse organizado importantes campionatos galegos, como o de Patinaxe, Halterofilia, Marcha Atlética, Cross Universitario, Volei praia...

E aínda non se toucou teito.



Anque son varios os concellos beneficiados, só o de Oleiros colabora

ASPADISOL: vai a 2ª fase

“OCASO” concede cáseque 20.000 a ‘ASPADISOL’ para acomete-la 2ª Fase
Oleiros é o único concello que colabora con esta Asociación de Discapacitados

■ *“Un dos obxectivos é ofrecerlle ós alumnos con discapacidades psíquicas nos centros de ensino, a alternativa de participar do Centro Ocupacional Aspadisol”*

No 1993, o concello de Oleiros cedeu terreos e a escola de pre-escolar de Valiño, condición previa para que a Xunta concedese unha subvención para acomete-las obras da 1ª fase. Os poucos pais que daquela puxaban polo proxecto, tamén aportaron economicamente para levalo a cabo. Pero os cartos non chegaban para remata-la 1ª fase desta obra que a Asociación de Pais de rapaces/as Diminuídos Psíquicos de Oleiros quería levar adiante para atende-las necesidades deste colectivo.

Velaí a razón pola que Aspadisol solicitou axuda economí-

ca á entidade de seguranza “Ocaso”, que no pasado mes de marzo, concedeu unha axuda excepcional: cáseque 20.000, co que a débeda que Aspadisol arrastra da 1ª fase, queda mermada á metade. Marisol Núñez, a súa xerente, non pasa por alto que “a intermediación do alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, foi decisiva para esta concesión, e por iso estamos agradecidos tanto ó alcalde como a “Ocaso”, porque así podemos albisar con maior posibilidade o levar adiante a 2ª e última fase do noso proxecto”.



■ *“Os alumnos de xardiñería fan as prácticas en xardíns particulares”*

Comeza-la 2ª fase

Dependerá do grao de solidariedade institucional e social. Porque Aspadisol quiere amplia-los servizos ós rapaces cun comedor e cocciña, e unha nave destinada a cerar un Centro Especial de emprego. Queren, por exemplo, construír un forno para o taller de cerámica. Por iso, pediron axuda á Fundación La Caixa, a Dª. Isabel Castelo D'Ortega y Cortes, Presidenta de Ocaso, á Fundación Caixanova... e á xente, á sociedade en xeral. Porque axudar ós disminuídos psíquicos de Aspadisol, debería ser un compromiso de todos.

■ *“Gracias a ‘Ocaso’ e ó alcalde de Oleiros, libramos boa parte da débeda herdada da 1ª fase. Agora podemos falar xa da 2ª fase e rematalo proxecto”*

Os nosos campións



Andrés Díaz, recordman europeo de 1.500 metros en pista cuberta, e **Eva Castro**, campiona de España de BTT, categorías de Descenso e Dual Slalon. Recolleron a placa de recoñecemento da man do Alcalde en funcións, Alfredo Novoa, e Antón Tenreiro, concelleiro de Deportes.



Xosé Carlos Tuñas, entrenador, **Cibrán Tenreiro**, que recollía a placa en recoñecemento polo título adquirido no Campeonato de España de Marcha Atlética por autonomías, de man do alcalde Gª Seoane e Xavier Álvarez Costoya, e do presidente do Organismo Autónomo Municipal de Cultura.

Música 24h sen cortes publicitarios

Información de utilidade
Consellos
Actualidade local
Conecta con nós

101.5 fm

RADIOLEIROS



Fío Aberto co alcalde

Os xoves, ás 14h, fala co alcalde en directo.
Chama ó 981 631 078 e pregunta o que queiras.

Programas de Formación Ocupacional para o 2004

O Centro Municipal de Formación "Isaac Díaz Pardo", continúa formando e traballando para que os mozos e mozas de Oleiros, non sexan quen de engrosar as listas do paro. Por iso, o concello, a través deste Centro dependente da concellería de Formación e Emprego, busca calquera fenda no tecido das subvencións e axudas a prol da formación ocupacional que permita ós xoves oleirenses contar coas condicións obxectivas para acceder ós postos de traballo. Na formación ocupacional, residen boa parte destas condicións.

Dentro da primeira programación que cada ano realiza a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta, foron concedidos a Oleiros 4 cursos, un deles comezado en abril: o de cociña.

Outros cursos aprobados son o de Ebanista, Fontanería e Escalaio.

Son estas unhas ocupacións con grande demanda no mercado laboral. Medra día a día este tipo de ofertas de traballo, profesións demandadas pola sociedade e polo tecido empresarial que precisa dar resposta a esa demanda.



O Isaac Díaz Pardo: recuperando entornos

Cun Obradoiro de emprego recuperárase o entorno do Castelo de Santa Cruz

O Consello de Administración do Centro de Formación "Isaac Díaz Pardo" xa o aprobou, e espérase que o proxecto sexa aprobado en breve pola Xunta de Galicia. Trátase do "Obradoiro de Emprego Castelo de Santa Cruz" para restaurar-lo entorno do Castelo de Santa Cruz-Faro de Mera. A entidade solicitante é o organismo Autónomo Municipal de Cultura.

Un total de 60 alumnos traballarán durante un ano nesta restauración. O orzamento previsto para esta importante tarefa ascende a 1.074.705,52 euros, dos que a Xunta aporta 994.028,40, e as arcas municipais o resto, 80.677,12 euros.

As especialidades que se solicitan para acometer este traballo de recuperación son as de carpintería, canteiría, xardiñería e viveiristas.

toda
a actualidade
municipal
está en

www.oleiros.org

Oleiros segue sendo un exemplo de asociacionismo veciñal e social

Homenaxe ás nosas Asociacións

“Os Rueiros”, a Asociación de Veciños máis antiga

Esta Asociación de Nos, “Os Rueiros”, foi fundada alá polo ano 1977, por un grupo de veciños que naquel 3 de agosto facían a súa primeira asemblea, decidindo os 200 veciños rexistrados a constitución legal da mesma. O primeiro presidente foi D. Manuel Taboada Marzoa.

Por aquel entón, a Asociación recollía as necesidades dos veciños e os seus problemas, e transmitíalos ó concello co fin de pór-lle solución: a traída de augas á parroquia de Nos, por exemplo. Funcionaban coma coordinadora dos veciños, e así participaron na construción da Casa do Pobo, da Praza da Liberdade, propiciaban a organización da recollida de lixo, o alumeadado público, a construción da Escola Infantil de Nos, a apertura do consultorio médico...

Pero ademais, facían actividades: cursos de natación, a creación do equipo de fútbol sala, e unha morea de saídas culturais. Dous anos despois da súa creación, nacia o grupo de baile “Os Rueiriños”.

Pasaron os anos, e a consolidación desta Asociación de Veciños foi parella á súa experiencia e ó avance dos tempos. Hoxe, a Asociación realiza actividades coma o canto coral, debuxo, pintura, baile de salón, baile galego, cantareiras, gaita e percusión, costura, cociña e mesmo idiomas: inglés. Conta con profesores de italiano, anque de momento, semella que a ninguén lle apetece demandar esta clase.

“Os Rueiros” cumpren unha dobre misión: planifica e pon a disposición dos veciños variadas actividades para que todos disfruten do seu tempo de lecer, e por outra banda, traballa para coñecer-las necesidades do pobo e transmitilas ó concello, para que sexan solventadas.

E ademais procuran pasalo ben, anque prepara-los eventos lúdico-festivos tamén dan o seu traballo. Sen embargo, vólcense os membros da directiva e os veciños á hora de preparar festas ó longo do ano na Casa do Pobo: as do Nadal, o Entroido, a festa do San Xoán (estamos ás portas dela), e excursións de carácter cultural percorrendo a xeografía galega.

Xosé Manuel López Pita é o seu presidente, que fala orgulloso dos seus compañeiros da Directiva: de Benito Pérez Souto, o vicepresidente, do tesoureiro Ildefonso Fuentes Varela; da secretaria, M^a Teresa Barriada, da vicesecretaria Carmen José Díaz Castiñeira, e dos vocais: Eladio Placer, Francisco Varela, Teresa Ordóñez e Pedro Jesús Villarino.



Felicidades a “Os Rueiros”: o 3 de agosto cumpren 27 anos

“Os Decanos”: por actividades que non quede

Curta vida, pero moita actividade. Así se pode defini-la actuación de “Os Decanos”, que a pesares de contar con pouco máis de 10 meses de vida, ten un amplo programa de actividades froito da iniciativa dos seus integrantes.



Dende aquela iniciativa de D. Ramiro García Martínez e das conversas mantidas co alcalde Ángel G^o Seoane a comezos do pasado ano ata hoxe, percorreuse en pouco tempo moito traxecto. O alcalde, na asemblea celebrada o 19 de febreiro do 2003 na Fábrica, cedeu o local da Villa Echeverry para o obxectivo a conseguir: crear un Club de Xubilados. Naceu daquela a primeira xestora, que baixo a presidencia de D. Ramiro García e a vicepresidencia e secretariado de D. Emilio Lozano, formaban parte persoas como D. José Rodríguez Bermúdez, D. José Perairé, D. Carlos Mosteiro Pedrosa, D^a Josefa Carballal Peña e D. Antonio Crecente Sánchez; este último é actualmente o Presidente de “Os Decanos”, ocupando a secretaria D. Ramón Iglesias Veiguela.

NON PARARON...

Uns socios que non paran: “Cea-homenaxe á muller”; excursión a Allariz á que acodiron unhas 50 persoas; campionato de tute; “cafés-tertulias” sobre a “Emigración/Inmigración” e os seus efectos en Galicia, que terá a súa culminación neste ano; dotouse de mobiliario e dotouse de máis equipamento ó ambigü. Fixeron unha cea de xestións co alcalde G^o Seoane e a concelleira de Asuntos Sociais e o de Educación, para dotar de melloras as instalacións e conseguir beneficios sociais, como foi por exemplo, un autobús para as excursións. Habilitouse unha sala de lectura cunha primeira dotación de libros; estase en contacto permanente co concello para seguir mellorando as instalacións; conseguíronse subvencións de Caixa Galicia e de Caixanova, así como da catalana La Caixa, para merca-lo mobiliario; fíxose unha cea a finais do ano pasado a conta dos fondos da propia Asociación, á que asistiron 49 socios... En fin, que non paran “Os Decanos”.

NIN PARARÁN

Nin pararán neste ano, porque van ir gaña-lo Xubileo a Santiago coa U.D.P., foron na primavera ás Rías Baixas, visitan os Museos da Coruña coa colaboración do concello de Oleiros; seguen coas charlas-tertulia, con diversas conferencias, realizan cursiños de informática, internet e outros, en colaboración coa U.D.P., xogan á petanca, danzan nos bailes de salón, fan sesións de cine semanais cun DVD, participan do xantar-celebración do aniversario da sociedade, realizan campeonatos de tute, parchís e dominó, e mesmo rín co concurso de chistes que preparan.

Claro que para facer todo iso teñen que acometer algunhas obras, e conseguí-lo diñeiro para elas. Pero “Os Decanos”, son imparables e, coa inquestionable axuda do concello, ningún destes obxectivos quedará sen cumprir.

A Asociación conta xa con 90 socios.

Oleiros aposta firmemente polo turismo de calidade

A concellería de Turismo prepara a **unificación da imaxe exterior das terrazas**



O concello, a través da concellería de Turismo, estudia a creación dunha nova normativa para a instalación de terrazas nas beirarrúas do Concello, para unifica-la imaxe exterior dos establecementos hostaleiros cun mobiliario que ofrezca esa imaxe corporativa que contribúa a combater-lo feísmo, tamén no mobiliario que forma parte do aspecto urbanístico de Oleiros.

Dende regulamenta-las dimensións dos emplacements das terrazas –co garante de espazos suficientes para a mobilidade dos transeúntes-, ata os elementos que compoñerán a terraza –mesas, cadeiras e/ou parasóis-, e mesmo os materiais que os compoñan así como a eliminación definitiva da publicidade en espazos públicos, formarán parte desta normativa. A estética urbana unificada, é o obxectivo que, anque de entrada custe entendelo, beneficiará ó propio sector hostaleiro toda vez que ofrecerá en Oleiros unha estampa singular, harmónica na súa estética.

Un atractivo máis non só para os oleirenses, senón para os nosos visitantes, nos que cada vez máis prima o turista selectivo e esixente cos distintos aspectos culturais e de estética urbanística.

Non intercepta-los accesos ás vivendas dos veciños nas zonas de lecer comunitarias, elimina-las neveiras e xeadeiras no exterior, elimina-lo exceso de emisións acústicas –sobre todo en horarios nocturnos-, son tamén logros que se pretenden acadar.


O consenso, primará neste proceso de elaboración da normativa, xa que o concello ten previsto para iso xuntarse cos integrantes do sector hostaleiro de Oleiros, unha vez estea preparada a redacción final que lles será proposta para o seu debate e chegada a un acordo. Unha vez consensuado, someterase á aprobación do Pleno, paso previo para a súa progresiva aplicación total.

Oleiros aposta firmemente polo turismo de calidade.

Todos debemos ser cómplices deste logro, porque o beneficio, será para todos.



Tódo-lo xoves ás 21,45 hs., cita con **Oleiros en Localia**



LOCALIA

Tódo-lo xoves, arredor das 21,45 horas da noite, "A actualidade en Oleiros" abre un espazo máis, unha ventá máis pola que amosa-la realidade do noso concello. O tratamento de diversos temas que atinxen ó día a día das parroquias, as actuacións que se acometen a prol de responder ás necesidades dos veciños e veciñas, a situación da nosa cultura, as infraestruturas sociais e culturais, as actividades deportivas, o urbanismo, os servizos sociais... moitas e variadas temáticas que non deixan de se-lo reflexo da nosa vida cotián.

A cadea televisiva Localia faise eco do noso acontecer. Nese espazo, os profesionais da comunicación repasan a actualidade de Oleiros, porque é un xeito máis de contribuír a que a memoria, non caiga no esquecemento. A fin de contas, día a día estamos construíndo historia.

Ademais, quén mellor que os propios veciños e veciñas de Oleiros para presumir do que temos!. A fin de contas, todo canto hai en Oleiros, está ó servizo da súa xente.

Oleiros participa da Ciberlingua

Oleiros participa por vez primeira no programa 'Ciberlingua' xunto ós concellos de Santiago, Vigo, Pontevedra, Ferrol, Ribadeo, Carballo, Cambre, Betanzos e a CIG-Ensino, Galego 21, a Asociación Sociopedagóxica Galega e máis a Fundación Caixa Galicia.

'Ciberlingua' é un proxecto dinamizador que tende unha ponte entre a comunidade escolar e o noso idioma, a través da rede, achegan do as potencialidades educativas das novas tecnoloxías da información e da comunicación, a tódolos usuarios.

Os obxectivos:

- Demostrar que a lingua galega é útil para realizar actividades atractivas.
- Procura-la galeguización de contextos habituais entre a mocidade.
- Crear novos espacios de comunicación nos que se introduza o idioma de xeito natural
- Ofrecer información dirixida ó cambio de actitudes
- Achegar á mocidade as experiencias en galego que resulten ben valoradas
- Contribuír a elaboración de contidos galegos para a rede.



Parque das Torres de Sta. Cruz

Romaría das merendiñas o 19 de xuño

Un ano máis, celebrámo-la "Romaría das Merendiñas", un punto de encontro no que os protagonistas, son os nosos maiores. Terá lugar nos xardíns de As Torres de Santa Cruz, onde os maiores de 60 anos están convidados a participar nunha xornada de encontro e divertimento. Pero ademais de se divertiren, recibirán un agasallo: un xantar agradable ó aire libre, e diferentes actuacións musiciais, por aquilo de 'baixa-lo xantar' a golpe de baile.

"A Fábrica" irmandarase cunha homóloga de Bos Aires

"A Fábrica" de Perillo, Oleiros, ten na Arxentina unha especie de 'réplica'. Trátase de "IMPA-La Fábrica", e por mor dos obxectivos coincidentes –salvando as diferencias da súa estrutura- nos aspectos socioculturais, trabállase xa no proxecto de asinación dun protocolo de Irmandamento que permita intercambiar experiencias e actividades que beneficien a ámbalas zonas. No caso da "Fábrica Ciudad Cultural" de Bos Aires, naceu da recuperación por parte dos traballadores desta fábrica de produtos de aluminio, hoxe cooperativa de traballadores, para integrar nela un centro cultural.

■ *Antón Tenreiro, concelleiro de Deportes, Xuventude e Turismo, e Pablo Ramírez, responsable de A Fábrica Impa de Bos Aires.*



Muito brigado, compañeiro Otelo!

Otelo Saraiva de Carvalho, líder da Revoluçom dos Cravos que un 25 de Abril achegou a democracia a Portugal, visitou Oleiros 30 anos despois de que a liberdade en forma de caravel fixese posíbel esta Revolución. Otelo estivo en Oleiros ofrecendo unha conferencia que foi presentada polo catedrático de CC Políticas da USC, Xosé Luís Barreiro Rivas. O Auditorio da Fábrica quedou cativo para a morea de xente que non se quixo perder esta cita coa memoria viva.



Otelo Saraiva de Carvalho pode parecer un home doutro tempo, mais non. Otelo fixo a Revolución á súa maneira. Fala do Portugal de hoxe, do Portugal euro, do que paga pisos, coches ou lavalouzas a prazos, do que inaugura autoestradas, do que organiza a Eurocopa de Fútbol, do que vive pegado a un teléfono móbil de última xeración. Pero fala tamén do Portugal que non sabe quen foi Zeca Afonso, do gobernado pola dereita, do da foto das Azores, do Portugal da precariedade laboral, do que non cultiva caraveis, do que non sabe que un 25 de Abril as rúas lusas testemuñaron a Revolución máis fermosa que viron os tempos. A Otelo gústalle vivir no século XXI, sintese un home novo. Sintese cómodo analizando o presente de indicativo da situación internacional; a guerra do Iraq, o terrorismo integrista, os cambios políticos en España, a ampliación dá UE... Vai por diante, predí que o control gringo sobre o mundo non fixo máis que empezar, que aínda queda moito por sufrir.

Sinte respecto, admiración. Sabe que non é doado facer realidade un concello coma Oleiros, que hai moitos intereses, moitos poderes, que é difícil, pero sabe que é imprescindible. Convidou aos veciños de Oleiros a valorar o patrimonio democrático que posúen, a ser sabedores da valía da súa aposta democrática e participativa. Coincide co Alcalde Ángel García Seoane en que "a revolución máis importante é a que está por facer, a revolución dos pobos pola súa liberdade". Afirmou: "acho no Gelo um muito bo camarada".

O Nóbel da Paz, Pérez Esquivel, tamén con nós

No mes de Abril, Adolfo Pérez Esquivel, premio Nóbel da Paz, achegábase a Oleiros para conversar sobre sobre un grande abano de realidades que está a vivir o mundo, aunque que moitas veces pasan desapercibidas ao ser debidamente silenciadas por ser "politicamente incorrectas".

Nuclea o seu discurso en base á máxima de que o actual sistema político imperante no mundo occidental, e que Occidente trata de impoñer no resto do mundo, está francamente esgotado, un e mil exemplos o corroboran. Non se pode consentir impasivamente a crenza entre a xente de que o exercicio da liberdade consiste nunha delegación de poderes, nuns cargos públicos que ostentan a nosa representatividade, ben ou mal. Engade ademais que non hai forma posíbel de progreso económico e social, que non se vexa directamente enraizada cun marco político democrático. Difícilmente os pobos de América Latina, África ou Asia poderán saír da súa miseria económica polo camiño das que non dubida en chamar "pseudo-democracias". Pérez Esquivel é un teórico do pensamento social cristiá, firme defensor da figura de Cristo e da súa mensaxe, entendida como o que é: o pensamento dunha persoa que, hai 2000 anos, defendía uns valores de igualdade e liberdade. Convence, é posíbel ter fe, sobre todo na xente, no pobo. Fala da Teoloxía da Liberación.

Mostrouse orgulloso de contemplar un concello como Oleiros onde a democracia real está a orde do día, onde o asamblearismo funciona, onde a solidariedade prima sobre calquera outro valor. Consta que Oleiros é un bo exemplo de cómo só dende a liberdade entendida con amplitude de miras se pode lograr un progreso harmónico.



Todos somos Palestina



O propio Yaser Arafat, Presidente da Autoridade Palestina, quen ese mesmo día ás 5 da tarde, chamaba ó Alcalde García Seoane, para agradecer o acto solidario, e trasladar ese agradecemento ó pobo de Oleiros: "un agradecemento que para nós, os palestinos, significa un balón de osixeno".

Foi o día 27 de maio cando Nabil Maarouf, embaixador de Palestina no estado español, visitou Oleiros para participar nun acto solidario que se celebrou nun Auditorio de A Fábrica rebosante de público. Con el, viñan tamén Ghaleb Jaber Ibrahim, presidente da Fundación Araganey, Cristina del Valle, artista que recentemente viaxou cun cento de mulleres máis ós territorios ocupados para traernos unha testemuña visual que non deixou de estremecer ós asistentes, pola dureza das imaxes. Unhas imaxes que non son máis ca reflexo dunha realidade que Israel –co apoio dos EEUU– se empeña en converter en 'aniquilamento', en xenocidio, en masacre cotián. Soubo contalo ben o escritor, xornalista e guionista Miguel Anxo Murado, que relatou os cinco anos vividos en Palestina como correspondente dun xornal. Diversos representantes de distintas comunidades palestinas (Galicia, Madrid e Valencia), ademais do tamén palestino alcalde de Muras, estiveron presentes no acto. A solidariedade de tódolos asistentes, levárona os convidados ó evento moi dentro do corazón.

Sendeirismo cultural para os maiores



O Camiño Francés e do norte

As **Rutas de Sendeirismo** están pensadas para que os camiñantes percorran os camiños de Oleiros, así coma tramos das diferentes rutas que nos achegan a Compostela. Estas rutas son facilmente asumibles polos maiores, dado que son de baixa intensidade.

As rutas establecidas son: os **Camiños de Oleiros**, unha ruta que percorre polo Monumento Natural da Costa de Dexo. As datas abertas para os veciños das parroquias, son as seguintes:

26 de maio: para os veciños e veciñas de Oleiros, Nos e Iñás

9 de xuño: para os veciños e veciñas de Serantes, Maianca, Dexo, Santa Cruz e Dorneda

Temos tamén o **Camiño Francés**, unha ruta que decorre por un pequeno tramo do Camiño Francés nas Terras de Melide. As datas son:

14 de xullo: para os veciños e veciñas de Perillo e Montrove

21 de xullo: para os veciños e veciñas de Oleiros, Iñás e Nos

28 de xullo: para os de Serantes, Maianca, Dexo, Santa Cruz e Dorneda

Outras das rutas establecidas son a do **Camiño do Norte**, que percorre un tramo do Camiño Norte a Santiago dende Abadín a Vilalba, e que terán lugar os días 8 de setembro (para Perillo e Montrove), 1 de setembro (Oleiros, Iñás e Nos) e 15 de setembro (Serantes, maianca, Dexo, Sta. Cruz e Dorneda), e a ruta do **Mar de Arousa** que decorre polo Parque Natural de Corrubedo e o centro arqueolóxico da comarca do Barbanza, e que terán lugar o 11 de agosto (Perillo e Montrove), 18 de agosto (Oleiros, Iñás e Nos) e 4 de agosto (Serantes, Maianca, Dexo, Sta. Cruz e Dorneda)

“Ven e descubre...”

Os veciños de Oleiros maiores de 60 anos, son os beneficiarios do programa **“Ven e descubre”** que puxo en marcha o departamento de Servizos Sociais. Un programa do que disfruran os nosos maiores dende a primavera e ata que remate o verán. Excursións e Sendeirismo para coñecer máis e mellor, e mesmo descubrir, diferentes lugares da xeografía galega. Viaxar e camiñar, para saber: esta é a outra cara da moeda.

O programa consta de varias rutas. No caso das excursións, as elixidas son: A **Ruta dos Poetas**, seguindo a vida e a obra dos poetas celanovenses Castor Elíx, Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro nas terras de Celanova, en Ourense.

A **Ruta da Enerxía** foi deseñada para percorrer dende a Serra da Loba ata as Pontes de García Rodríguez, e nela, os veciños das distintas parroquias de Oleiros coñeceron as múltiples formas de aproveitamento enerxético no Parque Eólico Experimental de Sotavento, Xermade e na vila das Pontes.

Por último, dentro das excursións, está a **Ruta do Finisterrae**, que percorre o derradeiro tramo do Camiño de Santiago, xa nas terras de Muxía e Fisterra.

Estas excursións son de carácter gratuito e inclúen o transporte, monitores, seguros e visitas guiadas.



11.050 m² para o cemiterio de Dorneda



Cemiterio de Dorneda

Dorneda xa ten novo cemiterio municipal. Os 11.050 m² de solo adquirido polo concello, fixeron posible –malia tódolos impedimentos dos que boicotearon o proxecto– que hoxe, a parroquia dispoña de agradables áreas verdes e Prazas, así coma dun amplo aparcadoiro.

Dentro das actuacións, reubicouse o cruceiro e habilitouse unha praza de acceso á Igrexa, e o concello aproveitou a oportunidade de estar acometendo esta obra para canalizalo gas e a fibra óptica así como as augas pluviais, evitando así novas aperturas de obras no seu momento.

Con esta obra do Cemiterio de Dorneda, con capacidade para 1.000 nichos, cubrirose a

demanda dos veciños do concello, xa que nos demais cemiterios municipais (o de Nos e de Liáns), neste momento só se están adxudicando nichos polo trámite de urxencia, dado que a disposición actual destes é realmente insuficiente para a demanda existente.

Unha vez sexa recepcionada a obra polo concello, adxudicárase o uso ós veciños que teñen solicitado os nichos neste cemiterio, dentro do prazo que estivo xa aberto a tal efecto, e que reúnan os requisitos esixidos, é dicir: ter máis de cinco anos de antigüidade como veciño/a do concello, e entregar unha Declaración Xudada de non posuír nichos en calquera outro cemiterio do termo municipal de Oleiros.

¡Compre seguir incrementando o número de Voluntarios!

A vontade de ser voluntario

Contribuír coa nosa achega a lle facer máis agradable a vida das persoas que o necesitan, é algo máis ca un acto de solidariedade: é un exemplo de actitude ante a vida que axuda a conformar un modelo social diferente. Por iso, o Servizo de Voluntariado do concello de Oleiros, segue desenvolvendo distintos proxectos onde as persoas voluntarias realizan accións en beneficio da comunidade.

Pero NON BASTA con saber que iso existe. CÓMPRE SEGUER INCREMENTANDO O NÚMERO DE VOLUNTARIOS, porque son moitas as persoas que necesitan axuda. Para ser Voluntario, só compre te-la vontade de querer. E querer, é poder. Iso si: teñen que ter un mínimo de 16 anos.

Proxecto de acompañamento

Este proxecto pretende ofrece-lo apoio e a compañía a todas aquelas persoas que por mor da súa idade, ou por razóns de saúde, ou por estar nunha situación social ou familiar determinada, precisen doutra persoa para realizar certas actividades ou tarefas que, para os demais, non deixan de ser cotiáns.



Días voluntarias acompañando a un enfermo



Infórmate no concello:
981 61 00 00, Departamento de
Servizos Sociais.

Oleiros celebrou o 17 de maio. ...pero estende as Letras Galegas a todo o ano



Obradoiro de encaixe

O Parque de As Torres de Santa Cruz, acolleron este ano os actos de celebración do Día das Letras Galegas dedicado ó ourensán Xocas, Xaquín Lorenzo. Unha Festa Romaría foi o marco no que se puido ver e admirar obxectos nos diferentes obradoiros dos oficios tradicionais nos que participaron os asistentes. Xaquín Lorenzo foi un dos estudiosos dos oficios tradicionais galegos, e gracias a el, e a outros, temos documentación escrita e descrita sobre a práctica, a orixe e a funcionalidade dos distintos oficios que dan sinais de identidade á cultura popular, á etnografía da nosa terra.



Obradoiro de colro

Á cita non faltou o Alfár, onde os alumnos fixeron demostracións do que levan aprendido, e así a xente tivo a ocasión de visita-las instalacións e ver qué e cómo se traballa esta artesanía. E de artesanía continuou a xornada, porque fixéronse visitas ó Museo dos Oleiros e á Biblioteca Rosalía de Castro, que puxo a disposición dos visitantes as informacións relativas ó Día das Letras que foron requiridas por estes.



Público infantil na Festa Romaría das Letras Galegas



As Leilía

Grupos de baile do concello, actuación do Grupo de Teatro Municipal, o Grupo de Animación para os cativos, e o peche da xornada co Grupo Folk "Leilía", puxeron os puntos suspensivos a esta data que conmemorou as Letras Galegas.



O Pazo "As Cadenas": recuperando a nosa historia

A Finca de "As Cadenas" está situada na Fortaleza, un pazo estilo francés perfectamente conservado e acondicionado

O Pazo de "As Cadenas"

Coa revisión do Plan de Urbanismo, o alcalde Ángel García Seoane, está a negociar a adquisición da súa propiedade, co que o patrimonio histórico municipal medrará para continuar coa práctica xa habitual e característica diferenciadora deste concello, de garantir a conservación do mesmo ó tempo que se dota o inmoble de uso empresarial e público.

O concello abre así as portas ás negociacións e ós acordos compensatorios cos seus

propietarios, co fin de lle dar un novo uso ó edificio; e os resultados foron os desexados: o pazo de "As Cadeas", formará parte do patrimonio histórico municipal. O concello farase así cunha construción de grande valor arquitectónico e histórico, que o dono rehabilitará para dotalo dun servizo determinado: durante un tempo, o propietario explotará ó negocio, para rendibilizalo investimento feito, e unha vez rematada a recuperación deste, será o con-

cello que lle dea un novo uso de carácter social.

O alcalde afirmou no seu momento que os propietarios de "As Cadenas" estudian a posibilidade de transformalo pazo nun hotel, nun "chateau" semellante á rede de castelos que poboan a zona francesa de Loire. Con proxectos coma este, salienta García Seoane, garátese a conservación do pazo e as boas condicións para o seu uso.

Papeis e cartóns, ó caixón azul

Vidro ó iglú verde

Restos orgánicos, ó contedor de tapa verde

Inertes, ó contedor de tapa laranxa.

Pilas nas Casas do Pobo ou establecementos colaboradores

Lembra!

- Non tire-lo lixo os sábados nen vésperas de festivos
- Respeita os horarios (entre 9 e 12 da noite)

Horarios de recollida do lixo:

Zona Perillo – Sta Cristina – Bastiagueiro, de luns a sábado: **Inerte**, de 23:00 a 05:00 hs **Orgánico**, de 06:00 a 12:30 hs

Resto do Concello: de luns a sábado:

Inerte e orgánico, de 06:00 a 12:30 hs



Horario do Punto Limpo

De luns a venres: de 09:30 a 13:00 hs.

de 15:30 a 19:00 hs.

Sábados: de 09:00 a 14:00 hs.

Un servizo municipal xestionado polo Consorcio As Mariñas. Tif. 981 783 455

Participa nas "Actividades do Verán", para disfrutar máis